

8 MARZO

HOXE, 8 M, ALUMNADO DE 4ºA E 4ºB DE EDUCACIÓN PRIMARIA ACUDIRON A UNHA SESIÓN PLENARIA PARA APORTAR PROPOSTAS SOBRE "IGUALDADE DE XÉNERO, HOXE, PARA UN MAÑÁ SOSTIBLE".



CEIP VICENTE OTERO VALCÁRCCEL CARRAL
CURSO 2021-2022

8 MARZO



CEIP VICENTE OTERO VALCÁRCEL CARRAL
CURSO 2021-2022

8 MARZO



CEIP VICENTE OTERO VALCÁRCEL CARRAL
CURSO 2021-2022

8 MARZO

Manifesto 4º

Ola, bos días a todos e todas. Os nenos e nenas de 4ºA e 4ºB do CEIP Vicente Otero Valcárcel queremos poñer en valor o traballo das mulleres en prol do medio ambiente neste 8 de marzo. Estivemos buscando información sobre algunhas destas mulleres e queremos recoñecer a súa labor como activistas. Elas van ser o noso exemplo e referente para as seguintes peticións. Moitas grazas por escoitarnos e darnos voz.

Giorgia O´Keefe Foi unha pintora, unha gran artista, que pintaba a esencia das flores, facía uns cadros moi grandes e foi moi popular no seu tempo. A nós gustaríanos que se coidasen as nosas paisaxes para que así os e as artistas poidan vir representalas nas súas obras de arte. Estaría ben que a xente viñera a Carral para coñecer os nosos fermosos lugares potenciando, por exemplo, o turismo de natureza. Roteiro dos Muíños do Batán, O Val de Barcia...

8 MARZO

Rachel Carson era bióloga mariña e denunciou o uso desmedido de pesticidas que contaminaban as augas do mar. En Carral non temos mar pero temos ríos e regatos que deberíamos protexer e manter limpos. Tamén poderíamos criar peixes que viven neles como as troitas pois xa non hai tantas coma había antes. O bo uso da auga é imprescindible para a vida no noso planeta. PEDIMOS QUE SE CONTROLEN OS VERTIDOS NOS NOSOS RÍOS BARCÉS E BREXA... E QUE SE FAGAN PATRULLAS DE LIMPEZA DE FORMA HABITUAL E PERIÓDICA.

Julia Butterfly Hill é unha activista americana coñecida porque viviu durante 738 días dentro dunha secuioia de máis de 1500 anos e 55 metros de longo. Púxolle ata un nome "Luna" e todo para que non a cortaran. Nós como Julia queremos que se coiden os nosos bosques, que se facilite a cría de animais no seu hábitat e ademais que se replante con árbores autóctonas como carballos, castiñeiros ou piñeiros. PEDIMOS QUE SE EVITEN OS INCENDIOS.

8 MARZO

Yayo Herrero é unha rapaza española ecofeminista que fala de que os traballos realmente importantes para a humanidade, os que nos dan de comer como a agricultura e a gandaría, están mal pagados e son precarios. Ela defende outro modelo de progreso máis ecoloxista e non baseado no consumo. Nós cremos que en Carral hai suficientes terras para cultivar e traballar e así obter produtos de Km 0. Tamén pedimos que se fomente á agricultura e se lle dea o valor que lle corresponde. FACER UN BANCO DE TERRAS, HORTOS URBANOS. AXUDAS ECONÓMICAS, CURSOS PARA APRENDER A PLANTAR, PLANTACIÓNS DE TRIGO PARA FACER O PROPIO PAN DE CARRAL

Saskia Sassen é unha socióloga, escritora e mestra holandesa. Nas súas obras analiza temas como o empobrecemento das clases medias e as súas dificultades de acceso ás telecomunicacións, o que determina desigualdades sociais e segregación social.

En Carral pedimos que todas as persoas poidan ter traballo e así poder ter acceso a alimentos, auga, medicamentos, roupa...É dicir, en Carral non queremos DESIGUALDADE, todos debemos ter a mesmas oportunidades.

CEIP VICENTE OTERO VALCÁRCEL CARRAL
CURSO 2021-2022

8 MARZO

Wangari Maathai foi unha muller de Kenia que mobilizou a milleiros de mulleres africanas para plantar árbores e devolver a cor verde ao seu pobo.

Nós queremos ser como Wangari e por iso pedimos máis árbores autóctonas en Carral como carballos ou castiñeiros.

Tamén pedimos máis zonas verdes e menos edificios.

Gústannos as zonas verdes para poder berrar en liberdade, estar máis tranquilos e tranquilas e observar os insectos.

Ademais coa herba o chan é máis brando e, se caes, non te fas dano.

Wangari axudou a moita xente. Unha das cousas que máis nos gusta dela é que, aínda que a meteron presa, nunca se rendeu.

Ruth Buendía e Berta Cáceres loitaron para que non destruían os ríos dos seus pobos instalando centrais hidroeléctricas. Nós estamos de acordo coa enerxía eólica pero separada das casas e cunha distancia razoable das árbores e os espazos verdes. A enerxía é necesaria pero sempre responsablemente.

8 MARZO

Lois Gibbs é unha nai americana que tiña un fillo enfermo pola contaminación. A escola á que asistía estaba construída enriba dun vertedoiro de residuos tóxicos, ela conseguiu que os retiraran grazas á súa loita e unindo a todos os veciños e veciñas. Como Lois Gibbs queremos un medio ambiente limpo. Queremos que se recolla o lixo, que se recicle e que se reutilice. Queremos tamén unhas rúas limpas e que toda a vila (pequenos, medianos e grandes) sexamos responsables con este tema.

Vandana Shiva foi unha muller que estudou física e pensaba que só ía facer ecuacións pero cando viu a 100 mulleres contra 500 policía para que non lles quitaran a auga pensou que tiña que facer algo. Vandana fala da contaminación e dos nutrientes da comida de hoxe en día. Di que para comer ben agora tes que comer o dobre.

Defende a agricultura con sementes libres e ecolóxicas.

Nós queremos poñer en valor aquí o traballo dos nosos agricultores e hoxe queremos defender ás nosas avoas que traballan nas hortas e nos fan de comer unha comida moi rica e saudable, unha comida “como as de antes”. Pedimos para elas moito respecto.

CEIP VICENTE OTERO VALCÁRCEL CARRAL
CURSO 2021-2022

8 MARZO

Greta Thunberg é unha rapaza de 19 anos que fai catro renunciou á súa educación para protexer o medio ambiente protestando diante do parlamento sueco. Igual que fixo Greta nós queremos protestar para que en Carral se reduza o consumo de combustibles fósiles promovendo que a xente se desprace andando e en bici pero para iso sería necesario construír máis carrís bici e máis sendas peonís. Queremos que os nosos impostos se adiquen a plantar máis árbores que absorben o CO2 e a outras medidas que protexan a natureza como replantar ou cambiar as casas e os edificios abandonados por zonas naturais.

Por último, pedímosvos que actuedes, porque Greta tamén dixo que non queremos persoas esperanzadas, queremos persoas que actúen e é que cada pequeno detalle conta e o que fagamos en Carral por suposto que tamén conta.

Moitas grazas pola atención e por invitarnos a participar neste acto.

CEIP VICENTE OTERO VALCÁRCEL CARRAL
CURSO 2021-2022